

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 27 DE ABRIL DE 2017

No salón de sesións da Casa do Concello de Bergondo, a vinte e sete de abril de dous mil dezasete, sendo as vinte horas e trinta minutos ten lugar a sesión ordinaria, en primeira convocatoria, do Pleno municipal, presidida pola alcaldesa-presidenta D.<sup>a</sup> Alejandra Pérez Máquez, do grupo municipal socialista, e coa asistencia dos/as señores/as concelleiros/as seguintes:

### **Grupo municipal Socialista (PSdG-PSOE):**

D. Francisco Javier Santos Maseda (voceiro)  
D.<sup>a</sup> María Begoña Calviño Dorado  
D. José Ramón Lorenzo Carou  
D.<sup>a</sup> Patricia María Vázquez Figueroa

### **Grupo municipal SON de Bergondo-Anova**

D. Juan Antonio Fariña Pedreira (voceiro)  
D. Eloy Babío Veiga

### **Grupo municipal de Veciños de Bergondo (VB)**

D. Francisco Manuel Fafián Torreiro (voceiro)  
D.<sup>a</sup> María del Loreto Caseiras Arroyo  
D.<sup>a</sup> Alicia María Souto Ramos

### **Grupo municipal do Partido Popular (PP)**

D. José Angel Vieiro Amor

### **Concelleira non adscrita:**

D.<sup>a</sup> Antonia María Sanjurjo Seijas

### **Escusa a súa asistencia:**

D.<sup>a</sup> Noelia Fernández Ventureira (PP)

Foron asistidos pola interventora municipal, D.<sup>a</sup> Laura Gutiérrez Ortiz, e pola secretaria xeral, D<sup>a</sup> Ana M.<sup>a</sup> Cacharrón Castelos.

## **ORDE DO DÍA:**

- 1. DAR CONTA DO DECRETO DA ALCALDÍA 290/2017, DE 3 DE MARZO, EN RELACIÓN Á REVISIÓN DO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES.**
- 2. ADHESIÓN AO CONVENIO ENTRE A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) E AS EMPRESAS SUBMINISTRADORAS DE ENERXÍA PARA A PROTECCIÓN DAS PERSOAS E FAMILIAS EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE OU URXENCIA SOCIAL NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA A TRAVÉS DA COORDINACIÓN COS SERVIZOS SOCIAIS MUNICIPAIS. ACORDOS QUE PROCEDAN.**

3. ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) PARA A IMPLANTACIÓN DA HISTORIA SOCIAL ÚNICA ELECTRÓNICA NAS ENTIDADES LOCAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA. ACORDOS QUE PROCEDAN.

4. MODIFICACIÓN ORZAMENTO MUNICIPAL 2017 MEDIANTE SUPLEMENTO DE CRÉDITO 1\_SC. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDAN

5. ADHESIÓN AO CONVENIO CO CONCELLO DE ABEGONDO PARA A XESTIÓN CONXUNTA DUNHA SUBVENCIÓN AO ABEIRO DA ORDE DO 8 DE MARZO DE 2017 DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE ORIENTACIÓN LABORAL NO EXERCICIO 2017 (DOGa Nº 58, DO XOVES, 23 DE MARZO DE 2017). ACORDOS QUE PROCEDAN.

6. MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP, DE APOIO Á MODERNIZACIÓN DO TRANPORTE PÚBLICO E Á MELLORA DA MOBILIDADE EN GALICIA. ACORDOS QUE PROCEDAN.

7. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA.

8. ASUNTOS URXENTES.

9. ROGOS E PREGUNTAS.

**1. DAR CONTA DO DECRETO DA ALCALDÍA 290/2017, DE 3 DE MARZO, EN RELACIÓN Á REVISIÓN DO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES.**

Dáse conta aos/ás asistentes do decreto indicado neste punto da Orde do día, que transcrito literalmente di:

**"Revisión do Padrón municipal de habitantes ó 01/01/2017**

Que a Delegación provincial do Instituto Nacional de estadística (INE) remitiu a este concello un escrito, registrado de entrada co núm.2541 con data 29/03/16, no que comunica, entre outros, que o concello dispón ata o vindeiro **10 de abril** para que lle enviemos un oficio no que se especifique a **cifra de poboación** resultante da revisión realizada por este concello xunto co ficheiro C15008AI.017, copia do padrón completo **a 1 de xaneiro de 2017**, segundo o disposto no apartado IV da Resolución de 25 de outubro de 2005, da presidenta do INE e do director xeral de cooperación local, pola que se dictan instrucións técnicas ós concellos sobre a revisión anual do Padrón municipal e sobre o procedemento de obtención da proposta de cifras oficias de poboación.

Que os artigos, entre outros, 81, 82 e 83 do Regulamento de poboación e demarcación territorial vixente, recollen os trámites a seguir para a revisión do Padrón municipal de habitantes, indicando o art.81 a aprobación polos concellos dos seus padróns municipais.

Igualmente a Resolución de 25 de outubro de 2005 citada no parágrafo 1º), publicada no BOE de data 23/11/05, refírese expresamente no apartado l) ó citado art.81 do Regulamento de poboación e demarcación territorial.

A funcionaria encargada da xestión do Servizo do Padrón de habitantes deste concello, emitiu, con data 30/03/17, un informe favorable.

En base ó exposto, **RESOLVO** :

**Primeiro: Aproba-la revisión do Padrón municipal de habitantes** deste concello, referida **ó 1 de xaneiro de 2017** cunha cifra de poboación resultante de **6639 habitantes**.

**Segundo: Remitir ó INE o ficheiro C15005AI.017**, que contén a copia do Padrón completo a 1 de xaneiro de 2017, do que se deduciu a cifra de poboación que se comunica.

**Terceiro: Dar conta ó Pleno** da presente resolución.

En Bergondo, na data que figura na marxe."

O Pleno quedan enterado.

## **2. ADHESIÓN AO CONVENIO ENTRE A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) E AS EMPRESAS SUBMINISTRADORAS DE ENERXÍA PARA A PROTECCIÓN DAS PERSOAS E FAMILIAS EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE OU URXENCIA SOCIAL NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA A TRAVÉS DA COORDINACIÓN COS SERVIZOS SOCIAIS MUNICIPAIS. ACORDOS QUE PROCEDAN.**

Dáse conta da proposta de Alcaldía ditaminada favorablemente por maioría de votos a favor, pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno en xuntanza do 20 de abril de 2017, que transcrita literalmente di:

"Logo de ver o contido do convenio entre a FEGAMP e as empresas subministradoras de enerxía para a protección das persoas e familias en situación de vulnerabilidade ou urxencia social na Comunidade Autónoma de Galicia a través da coordinación cos servizos sociais municipais asinado o 18 de xaneiro do 2017 e, en aras de detectar á maior brevidade os problemas dos cidadáns, e evitar cortes innecesarios na subministración ás familias en risco de exclusión, propoño o seguinte ACORDO:

**PRIMEIRO.** A adhesión íntegra do Concello de Bergondo ao Convenio suscrito entre a FEGAMP e as empresas subministradoras de enerxía para a protección das persoas e familias en situación de vulnerabilidade ou urxencia social na Comunidade Autónoma de Galicia a través da coordinación cos servizos sociais municipais.

**SEGUNDO.** Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Bergondo, o 9 de marzo do 2017

A alcaldesa. Alejandra Pérez Máquez

Toma a palabra a Sra. alcaldesa: como comentei o outro día na Comisión Informativa, estableceuse un marco para que a través dos Servizos Sociais se poida colaborar e facer unha protección maior destas persoas en situación de vulnerabilidade, onde, previo os informes dos Servizos Sociais por fin podemos facer fronte a pagos de facturas eléctricas, a través das partidas de emerxencia social que xa conta o concello, e que realmente é unha fórmula que ata agora non había e que nos parece moi axeitada; examinouse o Convenio por parte das técnicas dos Servizos Sociais municipais, considerándose que era unha moi boa proposta e por iso traemos a adhesión ao Pleno.

Pola Sra. alcaldesa ábrese a quenda de intervencións.

Sra. concelleira non adscrita: todo o que sexa simplificar e mellorar a calidade de vida dos nosos veciños, benvido sexa e sobre todo se é consensuado a través da Fegamp, o meu voto é favorable.

Sr. voceiro do PP: estamos de acordo con este punto.

Sr. voceiro de VB: estamos de acordo coa proposta, o que si botamos en falta que..., a crise empezou xa hai case tres anos, agora xa cando empezamos a repuntar se tomen este tipo de medidas, cando se puideron tomar moitísimo antes. O noso voto é a favor.

Sr. voceiro de SON de Bergondo-Anova: o noso voto é favorable.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese o ditame a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: cinco (5) votos a favor; grupo municipal de Son de Bergondo-Anova: dous (2) votos a favor; grupo municipal de Veciños de Bergondo: tres (3) votos a favor; grupo municipal do Partido Popular: un (1) voto a favor; concelleira non adscrita: un (1) voto a favor. **Total doce (12) votos a favor.**

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase **aprobado, por unanimidade de votos a favor** o ditame que devén en acordo nos termos antes transcritos.

### **3. ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) PARA A IMPLANTACIÓN DA HISTORIA SOCIAL ÚNICA ELECTRÓNICA NAS ENTIDADES LOCAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA. ACORDOS QUE PROCEDAN.**

Dáse conta da proposta de Alcaldía ditaminada favorablemente por maioría de votos a favor, pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno en xuntanza do 20 de abril de 2017, que transcrita literalmente di:

"Logo de ver o contido do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP para a implantación da Historia Social Única Electrónica (HSUE) asinado o 11 de novembro do 2017; esta alcaldía, en aras de contribuír á posta en funcionamento da HSUE nas entidades locais e establecer os mecanismos adecuados para asegurar a coordinación e intercambio de información, propón que se ditamine favorablemente a seguinte proposta de acordo:

**PRIMEIRO:** A adhesión íntegra do Concello de Bergondo ao Convenio subscrito entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP para a implantación da HSUE nas entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia.

**SEGUNDO:** Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Bergondo, o 10 de abril do 2017

A alcaldesa. Alejandra Pérez Máquez"

Toma a palabra a Sra. alcaldesa: este é un avance mais dos que levamos nos últimos tempos en cuestión de Administración Electrónica, que pouco a pouco imos implantando, e ímonos adherindo a diferentes leis e normativas.

Neste caso é un sistema de intercambio de información do sistemas social sanitario e demais, das Administracións locais e autonómica, de tal forma que coa debida regulamentación, protección de datos e demais, que calquera traballador social poida ter os accesos pertinentes á historia social dun usuario, o cal cremos que é un avance porque tamén simplifica en moito o traballo e a documentación que teñen que presentar moitas veces os propios usuarios.

Pola Sra. alcaldesa ábrese a quenda de intervencións.

Sra. concelleira non adscrita: pois un pouco o mesmo que no punto anterior, todo o que sexa mellorar a realidade da vida dos nosos veciños, simplificar o traballo dos funcionarios, non facerlles mover papeis engorrosos de aquí para alá, pois é beneficioso para todos, o sexa que o meu voto é favorable.

Sr. voceiro do PP: estamos totalmente de acordo, o noso voto é favorable.

Sr. voceiro de VB: supoñemos que hai unha errata, porque aquí di que novembro de 2017..

Sra. alcaldesa: si, hai unha errata, é novembro de 2016

Sr. voceiro: porque tardamos tanto en adherirnos a isto?

Sra. alcaldesa: acábanos de mandar aínda recordatorios e unha vez mais tamén....

Sr. voceiro: recordatorios...

Sra. alcaldesa: recordatorios non, de feito a primeira comunicación aínda foi neste últimos mes, examinado o Convenio por parte das técnicas municipais, en todo caso non é tanto tempo.

Sr. voceiro: vale, o noso voto é a favor.

Sr. voceiro de SON de Bergondo-Anova: voto favorable.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese o ditame a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSDG-PSOE: cinco (5) votos a favor; grupo municipal de Son de Bergondo-Anova: dous (2) votos a favor; grupo municipal de Veciños de Bergondo: tres (3) votos a favor; grupo municipal do Partido Popular: un (1) voto a favor; concelleira non adscrita: un (1) voto a favor. **Total doce (12) votos a favor.**

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase **aprobado, por unanimidade de votos a favor** o ditame que devén en acordo nos termos antes transcritos.

#### **4. MODIFICACIÓN ORZAMENTO MUNICIPAL 2017 MEDIANTE SUPLEMENTO DE CRÉDITO 1\_SC. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDAN**

Dáse conta da proposta de Alcaldía ditaminada favorablemente por maioría de votos a favor, pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno en xuntanza do 20 de abril de 2017, que transcrita literalmente di:

"Elaborado o expediente sobre modificación de créditos do Estado de Gastos do Orzamento Municipal para o actual exercicio de 2017, mediante a forma de **suplemento de crédito**, por importe de 569.192,60 euros, para facer fronte ás obrigas a cargo desta Corporación, relativas ó Capítulos VI correspondente a gastos de inversión e tendo en conta o establecido na documentación obrante no expediente, e previo Informe da Intervención Municipal de data 17 de abril de 2017, preséntanse os créditos que se pretenden modificar desglosados por aplicacións orzamentarias xunto coa súa financiación.

En consecuencia, propónse ó Pleno, a adopción do seguinte acordo:

**PRIMEIRO:** Aprobar a proposta de modificación de créditos baixo a modalidade de suplemento de crédito, por importe total de 569.192,60 euros, debendo ser incrementados os créditos correspondentes ás aplicacións orzamentarias que se detallan a continuación e polo importe reflectido:

**Capítulo VI: Inversións reais:**

Aplicación orzamentaria	Concepto orzamentario.	Consignación inicial	Modificacións anteriores	Incremento	Consignación Definitiva tras esta modificación
160/609.00	Inversións novas rede alcantarillado	0,00	75.128,66	62.241,69	137.370,35
454/619.00	Inversións en camiños vecinais	315.000,00	0,00	506.950,91	821.950,91
	<b>CAPÍTULO VI: TOTALIDADE DE CRÉDITO</b>	315.000,00	75.128,66	569.192,60	959.321,26

TOTAL SUPLEMENTO DE CRÉDITO: 569.192,60 EUROS

O financiamento desta modificación de crédito proposta realizarase con cargo a:

Remanente líquido de Tesourería co seguinte desglose:

Remanente líquido de Tesourería a esta data:	4.639.558,19 euros
Remanente empregado noutras modificacións:	459.292,23 euros
Superávit orzamentario:	900.577,37 euros
Cantidade que se precisa utilizar neste expediente:	569.192,60 euros
Diferencia, cantidade de Remanente sobrante:	4.070.365,59 euros
Remanente empregado por enriba do superávit:	127.907,46 euros
Remanente total empregado en modificacións:	1.028.484,83 euros

Consecuentemente coas modificacións acordadas, o Orzamento de 2017 queda como segue:

**Resumo da modificación orzamentaria por capítulos de gasto**

Capítulo	Consignación inicial	Modificacións anteriores	Aumento	Disminuc.	Consignación definitiva
1.- Gastos de persoal	1.830.270,76	80.758,45	0,00	0,00	1.911.029,21
2.- Gastos bens correntes e servic.	3.218.447,69	367.774,90	0,00	0,00	3.586.222,59
3.- Gastos financeiros	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
4.- Transferencias correntes	245.579,29	0,00	0,00	0,00	245.579,29
6.- Inversións reais	1.353.894,92	559.233,50	569.192,60	0,00	2.482.321,02
7.- Transferencias de capital	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
8.- Activos financeiros	22.000,00	0,00	0,00	0,00	22.000,00
9.- Pasivos financeiros	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
<b>TOTAIS</b>	6.670.192,66	1.007.766,85	569.192,60	0,00	8.247.152,11

**SEGUNDO:** Que se continúe a tramitación do expediente, con inmediata exposición ó publico durante 15 días hábiles no *Boletín Oficial da Provincia* e no Taboleiro de Edictos do Concello.

**TERCEIRO:** Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo, considerárase definitivamente aprobado, debendo cumprirse, en ambos trámites, a publicación no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello.

**CUARTO:** Remitir copia do expediente á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

O Pleno decidirá o que estime mais conveniente."

Sra. alcaldesa: a proposta que se trae, como se dixo xa na propia lectura, de mais de cincocentos sesenta e nove mil euros, contempla varias propostas de proxectos, un proxecto de pluviais na Brea, que xa varias veces ten saído no Pleno a problemática. Proponse tamén un proxecto de acondicionamento no entorno do parque de Ouces, na Fragachán, de setenta e sete mil euros; unha reordenación viaria de cento corenta e catro mil euros no entorno da praza pública de Santa Marta, punto conflictivo importante en canto a seguridade viaria.

Propoñemos tamén o crédito necesario para dotar o que xa foi aprobado no Pleno, que foi o POS 2017, os camiños que ían en asfaltado..., a mellora asfáltica no POS 2017; lembro que o orzamento se aprobou no 2016, en decembro e que o proxecto foi aprobado unha vez que saíron as bases da Deputación en febreiro. Polo tanto, xa digo, consignamos ese crédito necesario, e tamén se propón un proxecto de asfaltado de camiños, neste caso en regas; camiños e parroquias que ao día de hoxe non teñen aínda todos os servizos e que polo tanto poñelos en aglomerado non sería conveniente xa que é necesario facer aínda algunha cousa mais; estamos falando de sete camiños, e varios mais na parroquia de Lubre, en total un proxecto de mellora de camiños de cento sesenta e seis mil euros.

Polo tanto, visto que os informes tamén son favorables, propoñemos tamén a necesidade de poder seguir adiante coa tramitación destes proxectos, e que se aprobe o crédito necesario.

Pola Sra. alcaldesa ábrese a quenda de intervencións.

Sra. concelleira non adscrita: parabéns por ser a primeira vez que presentan vostedes un suplemento de crédito coherente, ao que ninguén pode dicir que non, ou polo menos eu considero que ninguén debería de dicir que non.

É verdade que aprobamos por unanimidade o POS en febreiro, como vostede dicía, en consecuencia non ten sentido neste momento dicir que non, é verdade que os proxectos que están incluídos para que están medianamente avanzados, xa se van facer, e que non ten sentido rebaixar nin este suplemento nin nada.

Alégrame tamén saber que o da praza de Santa Marta, que eu no seu día non estaba de acordo con esa modificación, pero que foi consensuada cos veciños, aínda que con nós non moito, pero polo menos que se fala cos veciños afectados. E pouco mais que dicir, o meu voto vai ser favorable.

Sr. voceiro do PP: nós estamos de acordo en que tendo un remanente de catro millóns seiscentos mil euros, sexa destinado; levamos os pluviais de Brea que se pediu xa en moitos pleno, entre eles o nos grupo. Tamén estamos de acordo co plan de mellora viaria, como somos conscientes de que o ano pasado se realizaron obras nos camiños de San Fiz e Vixoi, de mala maneira cun pouco de gravilla, que algúns deles xa están deteriorados, xa se pode ver agora mesmo; parécenos moi ben que agora mesmo se amaíne cun bo asfaltado. Que pasa?, de despois de aprobar o Presuposto, aos tres meses haxa un suplemento de crédito de cincocentos sesenta e nove mil euros, que estamos falando dunha inversión de moito diñeiro, que son case cen millóns das antigas pesetas, que nos parece? parécenos que isto é unha falta de previsión por parte de vostedes, e que a planificación dos orzamentos aloxábanse totalmente da realidade.

Entón, cremos que unha boa xestión parte duns presupostos realistas, cousa que no análise de necesidades do noso concello e facer unha previsión eficaz, demostraron que non é real o que fixeron no seu momento, entón creo que intentaron xustificalo nos presupostos no pleno, co seu socio, e agora sorpréndennos cun suplemento de medio millón de euros; non estamos de acordo, ímonos abster.

Sra. alcaldesa: cando se fai a proposto do Orzamento, obviamente se fai ata os límites onde se pode chegar, e eu o digo sempre, non podemos tampouco ir mais alá do límite que temos nos ingresos para poder así facer os gastos, e polo tanto, a nosa previsión era realista co que temos, é dicir co orzamento co que contamos, e eu avancei, igual que xa dixen o ano pasado i este ano, tendo a posibilidade se farían os suplementos dentro do marco que establece a lei e do que se nos autoriza e do que se nos permite. Polo tanto, precisamente se o que se nos autoriza, cos marxes tamén onde se nos autoriza basicamente para poder facer obras e para poder facer inversión que sexa financeiramente sostible, e aí onde temos que aproveitar precisamente nós que si podemos facer uso dos remanentes porque os temos, xa digo, dentro do marco que se nos autoriza para elo.

Non era por tanto unha mala previsión, era unha previsión que si contaba con poder seguir aumentando, e de feito independentemente tamén dos proxectos ao día de hoxe, estamos traballando tamén en mais proxectos e vendo tamén ata onde poidamos chegar, incluso non é tampouco desbotable que se poidan traer mais suplementos a este mesmo pleno; que pasa? qué si que é certo que os suplementos teñen que vir cuns presupostos que xa estean planificados e con contías definidas e demais, non podemos tampouco facer unha previsión como se fai no Orzamento, polo tanto cremos que a utilización dos remanentes é perfectamente..., ademais debe selo, a pena é que non se poida facer incluso cunha maior disposición e liberdade, que é unha cuestión que se ven reclamando nos últimos tempos en diferentes organismos, que se nos libere aos concellos para qué poidamos facer un uso no que desexemos e no que necesitamos dos remanentes alí quen os ten, loxicamente, e iso é o que pensamos nós.

O momento de facer un suplemento para obras é este, para qué realmente dea tempo a pedir as autorizacións, poder facer as licitacións, e poder case chegar coa ao mellor feita ou polo menos adxudicada a finais de anos, e polo tanto nese sentido non estamos para nada de acordo co que vostede plantexa dunha mala previsión, era unha previsión moi realista baseada nuns datos que son os que se teñen para facer o Orzamento municipal.

Sr. voceiro de VB: sigo insistindo o mesmo que dixen no Pleno de novembro, cando se fixo o Orzamento, seguramente son obras moi necesarias, pero insisto en qué o que debemos facer é falar entre todos para intentar que estes suplementos de crédito con catro millóns que aínda nos quedan no caixón, sexan o mais acercados á cidadanía, e digo isto porque? temos unha escola en Lubre que ao día de hoxe aínda non se comezou, que ao día de hoxe co custo do proxecto mais o custo do transporte, vai saír mais cara que o inicial, os cartos son dos veciños non nosos, que se puido ter levado nun suplemento para intentar evitar esperar a unha subvención que ao final deduce en qué vai saír mais cara esa obra.

Neste suplemento de crédito está perfectamente contemplado o que vostede propón, coas novas zonas de alcantarillado, cos novos camiños que se quere asfaltar, pero, desde hai un par de anos ten unha praia pechada, unha praia pechada por vertidos graves, como é a praia do Regueiro; nin un só proxecto de recuperación, nin un só proxecto de estudo, nin un só proxecto que puideramos ter traído a este suplemento de crédito para intentar recuperar esa praia; o mesmo pasa con Gandarío, praias que imos empezar agora o verán, non sabemos como se vai reaccionar agora coas medicións, ata o de agora as medicións din o que din, desde o concello pleno a pleno insistindo a Alcaldía, ao equipo de goberno, se nos di que están á espera, supoño que á espera de qué se conecten mais veciños e que pase o tempo, a ver se así non vai nada.

O certo é que ao día de hoxe neste suplemento de crédito que se puideramos falar entre todos como debería de ser, e facer propostas a tempo para ter eses proxectos que vostede ben di que ten que vir así ao suplemento de crédito, podíamos contemplar mais actuacións; e con iso, moitos mais proxectos que ten no caixón que se poderían sacar para darlle mais oportunidade aos veciños para que todos sexamos iguais.

Mire, ten unha parroquia enteira sen nin un metro de alcantarillado conectado, a parroquia de Lubre, ten un estudo para facer un paseo e poder dotar..., ese famoso paseo fluvial, hai uns días..., hai un ano se puxo nas redes sociais por parte do seu equipo de goberno, que en breve íamos ter xa o proxecto do paseo de Lubre, por onde se saca o saneamento, e neste suplemento de crédito outra vez tampouco ven, entón que quere que lle diga..., isto que trae aquí claro que é bo, non digo o contrario, pero tendo catro millóns de euros só trae isto? que vai facer? racionalizar o suplemento de crédito para qué así vexan que fai cousas, ou non será mellor traballar en conxunto para ter un ben da cidadanía?



O noso voto é abstención, porque seguimos insistindo, temos que falar entre todos, e como non quere falar..., e vostede ven aquí con cincocentos mil euros tendo catro millóns de remanente; pois é certo que ten que facer os proxectos, pero fáleo, coménteo, sentémonos a traballar.

Sra. alcaldesa: señor concelleiro, a súa labor é de oposición e loxicamente é a de dar as propostas que vostede considere, e a nosa é a de gobernar.

Si trouxemos proxectos que cremos importantísimos para a recuperación da praia de Moruxo, porque se vostede non lembra mal, hai un proxecto de saneamento que está en tramitación, qué precisamente é o saneamento na baixada de Moruxo, si..., pero vostede parece que soamente se lembra do que lle convén, do que lle interesa. E os proxectos de recuperación, tamén na praia de Gandarío, pois basicamente tratan polas conexións unha vez que están feitas as obras de saneamento, é no que se ten que insistir e no que levamos insistindo, e de feito aínda recentemente se fixo outro proxecto de saneamento na zona da Lagoa.

Mais actuacións, por suposto, tampouco intente enganar aos veciños, un suplemento de catro millóns de euros non sería posible levalo, acabo de explicallo, eu entendo que os veciños non o entendan pero a estas alturas os concelleiros que forman parte da Corporación deberían saber das limitacións coas que contamos, precisamente para poder facer o que nós entendemos que debemos poder facer cos cartos que son dos bergondeses, e que ao día de hoxe non o podemos facer.

Non temos un estudo para Lubre, non, é mentira, hai un proxecto, pero non é un estudo, é un proxecto, e é un proxecto que está en tramitación, polo tanto, nós si que imos avanzando; é un proxecto que está tramitándose; tramitación longa, por certo, pero é que se está tramitando. Polo tanto tamén terán saneamento os veciños de Lubre, vostedes.... inventan as súas historias, intentan confundir tamén aos veciños, porque lles están dicindo que hai un estudo, non hai un estudo, existe un proxecto, proxecto con cantidades reais, e ese proxecto está en tramitación, porque ademais xa lle digo, require dunha tramitación longa, e despois unha vez que se aprobe aínda se terán que facer as expropiacións correspondentes, as expropiacións tamén levan unha tramitación longa; hai mais dun ano que aprobamos aquí tres proxectos de saneamento que aínda non están sequera en licitación, e non se parou de traballar neles, precisamente porque son proxectos que levan a súa tramitación, non imos traer a dotación do crédito dese proxecto cando ao día de hoxe sabemos que neste ano é imposible que se execute.

Polo tanto, dicir que traemos aquí un proxecto de saneamento en Lubre, de oitocentos mil euros, só polo feito de traelo a suplemento no mes de abril do ano 2017, sería inútil, inútil, así de claro; e se vostede pretende outra cousa entón vostede tamén engana aos veciños.

Se quere vostede absterse loxicamente están vostedes no seu dereito, faltaría mais, porque ao mellor non están de acordo coas obras que se proponen, ou efectivamente como vostede di pois porque quixerían que foran mais obras, perfecto, eu iso non llo rebato, polo demais? xa lle digo, non intente confundir no que hai, e si seguiremos traballando, o equipo de goberno seguirá traballando nas propostas que..., vostede faga as propostas que considere, que nós as estudaremos, non temos tampouco porque sentarnos todos nunha mesa, a ver a quén se lle ocorre a mellor idea.

Sr. voceiro: se me permite, por alusións, o proxecto de Lubre de 2007, que está en fase de estudo medioambiental que eu saiba, dende o 2007 ata o 2017 van dez anos, dez anos eh;;, se se quixera é unha parroquia enteira, con oitocentos veciños; todas as parroquias de Bergondo teñen unha serie de alcantarillados excepto unha, ano 2007 empezouse a redactar este proxecto, é certo, ou tamén intento enganar aos veciños?; desde o ano 2007 houbo remanente suficiente para sacar este proxecto, eu creo recordar que excepto un ano, sempre houbo suplementos de crédito, sempre; estou enganando aos veciños que quede claro, ao mellor non é certo.

Tamén é certo que desde o ano 2007 vostede saca os proxectos cando lle convén, este proxecto para unha parroquia..., como estou enganando aos veciños, e nós contamos mentiras e queremos confundir, os veciños de Lubre son diferentes ao resto de bergondeses, porque como nós enganamos aos veciños e a Alcaldía preferiu esperar ao tempo que ela cree conveniente, para darlle alcantarillado a unha parte do vecindario, nós seguimos enganando aos veciños dicindo isto, o mesmo que enganamos aos veciños cando dicimos que cos cartos dos bergondeses a escola de Lubre sae mais cara esperando pola subvención que facéndoa con medios propios; estamos enganando aos bergondeses, mire para aí..., que retorticeros somos...

Entón no me diga vostede o que nós cremos que debemos dicir, temos que dicir a verdade, e a verdade é isto; ano 2007 se fixo este proxecto? si, porqué o fixemos Pepín..., o propuxemos nós e Pepín aí abaixo no seu despacho; xa sei que para vostede é todo unha coña; é mais, vostede botou en cara hai un tempo que certos proxectos que cheiraban a Veciños de Bergondo e se levaban en orzamentos e cousas..., era para qué votamos a favor, pero é que nós non entramos nesa política tercermundista como vostede quere facer.

É certo que Lubre ao día de hoxe é a única parroquia que non vai ter alcantarillado este ano? si, porqué? por unha mala xestión do equipo de goberno, na que tamén me inclúo, que durante un tempo estiven. Tamén non me veña dicir vostede agora que enganamos aos veciños.

E vostede di que non lle fai falta a oposición para nada, cando lle votamos en contra ben que se molesta, entón se quere que nós falemos todos do ben xeral de Bergondo, séntese a falar, séntese a falar con todos, despois se queixa de que lle votamos en contra e que lle dicimos cousas como estas, séntese a falar; e nestes suplementos de crédito con proxectos..., ten vostede un caixón cheo de proxectos que pode sacar se quere, hai un proxecto de seiscentos mil euros de alcantarillado de diferentes parroquias que se poden ir sacando, moito está feito pero se poden ir contemplando, pero como seguimos enganando aos veciños, pois que quere que lle diga, témonos que abster. Vostede non fala, enganamos aos veciños e por riba, supostamente contamos mentiras.

Ano 2007, comezase a traballar no proxecto de Lubre, única parroquia que no 2017 non ten nin un só metro de alcantarillado conectable; que quere que lle diga? apláudolle? explíquelles aos veciños de Lubre porque imos tardar mais que os demais en ter alcantarillado? dígalle que Fafián, ese loco, está mentindo, porqué por culpa del non hai alcantarillado, e o que faltaría; é o equipo de goberno o que ten que facer isto.

Sra. alcaldesa: si lle digo que engana porqué vostede primeiro falou dun estudo, e eu lle dixen que estudo non había, que había un proxecto...

Sr. voceiro: vostede dálle a volta ao que lle da a gana...

Sra. alcaldesa: xa rematou vostede o seu turno de palabra; e lle dixen, non é un estudo, é un proxecto, un proxecto que efectivamente naceu no ano 2007, que naquel momento contaba incluso cunha propia financiación por parte da Xunta e que despois pasou o que pasou, viñeron épocas difíciles, épocas convulsas e polo tanto non se puido levar a cabo; ao día de hoxe os veciños de Lubre están conectados? non; eu non intento enganar a ninguén, tamén é certo que non teño ningún proxecto no caixón.

Un proxecto de seiscentos mil euros..., señor concelleiro, que a estas alturas vostede diga esa burrada, é unha burrada tremenda; ese proxecto de seiscentos mil euros do que vostede fala, ía en conxunto con este proxecto do río Maior e conleva os saneamento en San Paio, en Moruxo, en San Vitorio e Santa Marta-Rois; o saneamento en San Paio está feito, e os outros tres proxectos se aprobaron o ano pasado aquí, e vostede di que hai un proxecto de seiscentos mil euros..., xa vexo a estas alturas o ben enterados que estamos; están tramitados, precisamente por iso, cando se puido e cando se puideron tamén traer a pleno coas dotacións económicas correspondentes, polo tanto nós non imos enganando, nós non imos mentindo, vostede vai ofrecendo ao mellor o que sabe que non pode ofrecer, que nós queixamos de qué vostedes..., non, xa lle digo, voten o que teñen que votar, digan o que teñan que dicir, pero non enganen, e, por certo, as escola de Lubre vaise amañar, simplemente, tampouco lle dean mais voltas a unha cuestión que ao día hoxe está practicamente resolta, obviamente estará resolta definitivamente cando estea o tellado amañado e listo, ao día de hoxe é certo que está asinado, tívose recentemente unha reunión cos pais, se lles explicou a situación que hai ao día de hoxe, está asinado o contrato, e para a semana que ven teñen a acta de replanteo.

Polo tanto, nós seguiremos traballando, iso si, non lle podemos dicir a unha Administración que obvie todos os sistemas que hai, que nos saltemos as expropiacións..., non facer estudos de impacto ambiental..., non facer a tramitación como a temos que facer....

Sr. voceiro: só unha cuestión...

Sra. alcaldesa: non, xa tivo vostede dous turnos de palabra...

Sr. voceiro de SON de Bergondo-Anova: en vista de qué..., parece que os trece que estamos aquí nesta parte do Salón estamos de acordo no que é o fondo da cuestión, que son os proxectos en si, ninguén dixo que non estivera de acordo con ningún deles, polo tanto o acordo é patente, non?

Pouco mais que engadir, a verdade, e oxalá, iso sí, poidamos seguir traendo mais proxectos a pleno, ao final iso é o que interesa, aos de Lubre, aos de Santa Marta, aos de todas as parroquias, que vaíamos facendo cousas e vaíamos traendo proxectos na medida que a lei nos permita gastar o remanente que temos, e pouco mais.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese o ditame a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: cinco (5) votos a favor; grupo municipal de Son de Bergondo-Anova: dous (2) votos a favor; grupo municipal de Veciños de Bergondo: tres (3) abstencións; grupo municipal do Partido Popular: unha (1) abstención; concelleira non adscrita: un (1) voto a favor. **Total oito (8) votos a favor e catro (4) abstencións.**

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase **aprobado, por maioría de votos a favor** o ditame que devén en acordo nos termos antes transcritos.

## **5. ADHESIÓN AO CONVENIO CO CONCELLO DE ABEGONDO PARA A XESTIÓN CONXUNTA DUNHA SUBVENCIÓN AO ABEIRO DA ORDE DO 8 DE MARZO DE 2017 DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE ORIENTACIÓN LABORAL NO EXERCICIO 2017 (DOGa Nº 58, DO XOVES, 23 DE MARZO DE 2017). ACORDOS QUE PROCEDAN.**

Dáse conta da proposta de Alcaldía ditaminada favorablemente por maioría de votos a favor, pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno en xuntanza do 20 de abril de 2017, que transcrita literalmente di:

"Adhesión ao convenio co Concello de Abegondo para a xestión conxunta dunha subvención ao abeiro da Orde do 8 de marzo de 2017 da Consellería de Economía, Emprego e Industria para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2017 (d.o.g nº 58, do xoves, 23 de marzo de 2017)

Logo de ver a Orde do 8 de marzo de 2017 da Consellería de Economía, Emprego e Industria pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2017 (D.O.G nº 58, do xoves, 23 de marzo de 2017), e dado o resultado satisfactorio da xestión conxunta das subvencións en exercicios pasados, esta alcaldía, en aras de poder optar á solicitude da devandita subvención, propón que se ditamine favorablemente a seguinte proposta de acordo:

**PRIMEIRO:** Adhesión ao convenio co Concello de Abegondo para a xestión conxunta das actuacións ao abeiro da Orde do 8 de marzo de 2017 da Consellería de Economía, Emprego e Industria pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2017 (D.O.G nº 58, do xoves, 23 de marzo de 2017) que a continuación se transcribe:

"Na Casa do Concello de Abegondo ( A Coruña), a --- de abril de 2017, REUNIDOS:

1. Dunha parte, José Antonio Santiso Miramontes.
2. Da outra, Alejandra Pérez Máquez.

### **INTERVENEN**

O primeiro, como alcalde, en nome e representación do Concello de Abegondo. A segunda, como alcaldesa do Concello de Bergondo, en nome e representación da devandita entidade local. Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente capacidade para outorgar o presente convenio e para tal efecto.

## EXPOÑEN

I

Que os municipios de Abegondo e de Bergondo, da provincia da Coruña, como entidades locais territoriais próximas, están interesadas en desenvolver as actuacións de cooperación e asistencia activa que sexan precisas para a prestación de cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións das súas respectivas comunidades veciñais.

II

Que entre o servizos públicos que, conforme a normativa vixente en materia de réxime local, os municipios poden prestar, destaca o de orientación laboral (accións ou actividades de información, orientación e prospección de emprego) cuxo establecemento e prestación con carácter xeneralizado e satisfactorio constitúe unha aspiración de ambos os dous concellos.

III

Que é vontade dos concellos de Abegondo e de Bergondo establecer fórmulas de colaboración mutua que permitan prestar conxuntamente o servizo de orientación laboral conforme as Bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a realización de actividades de información, orientación e prospección de emprego, establecidas pola da Orde do 8 de marzo de 2017 da Consellería de Economía, Emprego e Industria pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2017 (D.O.G nº 58, do xoves, 23 de marzo de 2017), que prevé no seu artigo 2.1.a) que os Concellos, por sí sós ou asociados deben ter unha media de paro rexistrado no ano 2016 superior a 500 persoas.

IV

Que entre as ditas fórmulas de colaboración previstas pola normativa vixente destaca, pola súa sinxeleza e eficacia, a da sinatura dun convenio mediante o que se agrupan os dous concellos para que os dous poidan desenvolver conxuntamente o servizo de orientación laboral, solucionando así a problemática derivada da imposibilidade legal de exercer as competencias fóra do termo municipal.

V

Que a normativa vixente en materia de réxime local, e concretamente a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, nos seus artigos 55 e seguintes, e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, nos artigos 198 e 199, prevén a posibilidade destes convenios interadministrativos de colaboración entre entidades locais, para a máis eficaz xestión e prestación de servizos da súa competencia.

VI

Que en virtude de sendas resolucións de datas 20/04/2017 (Abegondo) e 20/04/2017 (Bergondo), das que se achegan as correspondentes certificacións como Anexos núm. I e II, os Concellos de Abegondo e Bergondo acordaron a sinatura deste convenio.

Sendo, por tanto, vontade de ambos os dous concellos a formalización do presente convenio neste documento administrativo, fano de acordo coas seguintes ESTIPULACIÓNS:

*Primeira.*- Os concellos de Abegondo e Bergondo por medio do presente agrúpanse como municipios só para solicitar ao abeiro da citada Orde do 8 de marzo de 2017 da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia a subvención para a realización conxunta accións de orientación laboral para o emprego e asistencia para o autoemprego, articuladas en itinerarios personalizados para o emprego e dirixidas a mellorar as posibilidades de ocupación das persoas demandantes de emprego inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia, a través da contratación de persoal técnico de orientación laboral, no ámbito da colaboración da Consellería de Economía, Emprego e Industria coas entidades locais e entidades sen ánimo de lucro, como instrumento para promover a configuración dunha rede especializada na mellora da empregabilidade e ocupabilidade das persoas demandantes de emprego inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia.

*Segunda.*- Se ben ambos os dous Concellos serán equitativamente beneficiarios da subvención conforme ao previsto no artigo 2.1 a) da Orde do 8 de marzo de 2017 da Consellería de Economía, Emprego e Industria (DOG núm. 58, do xoves, 23 de marzo de 2017), determinase que o Concello de Abegondo, por medio do seu Alcalde-Presidente, sexa o representante legal ante a Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia e polo tanto o concello petionario da subvención convocada, polo tanto se identificará como solicitante, designado unha persoa de contacto ou interlocutor para a tramitación do expediente de solicitude.

Unha vez concedida a subvención, será o Concello de Abegondo quen realice a contratación do/a técnico/a que resulte seleccionado para o desenvolvemento das accións de información, orientación e prospección de emprego (orientador/a laboral), conforme ao previsto no artigo 11 da devandita Orde do 8 de marzo de 2017. Para o caso de ser necesario elaborar unhas novas bases de selección, estas poderán ser aprobadas por cada un dos dous concellos ou ambos conxuntamente e o proceso selectivo será único debendo participar os dous concellos na preselección do candidato/a, cuxo currículo deberá ser validado pola Consellería de Economía, Emprego e Industria antes de proceder á contratación do/a técnico/a.

Será tamén o Concello de Abegondo como entidade peticionaria quen reciba o importe da achega económica e o que deberá presentar a documentación para o pagamento e xustificación da dita axuda. Asemade, asumirá as obrigacións que se deriven da realización do correspondente contrato laboral temporal vinculado á subvención que se conceda e respecto a Facenda e a Seguridade Social e en xeral todas as obrigas contables, económicas ou administrativas derivadas da contratación de persoal.

*Terceira.*- Tanto o Concello de Abegondo como o Concello de Bergondo, como entidades conxuntamente beneficiarias e como entidades colaboradoras da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, prestarán conxuntamente o servizo de orientación laboral e levarán a cabo as accións subvencionables cos seus medios propios e nas instalacións propias que habiliten para tal fin, comprometéndose a dispoñer dos requisitos establecidos no artigo 2.2 da Orde do 8 de marzo de 2017 (local con despacho, conta de correo, conexión coa Rede Corporativa da Xunta de Galicia, ordenador persoal con protocolo TCP/IP ...).

*Cuarta.*- Os dous concellos terán a condición de entidade colaboradora e prestadora dos servizos de xeito equitativo. Deste modo, distribuirán a partes iguais o tempo de permanencia nas dúas sedes sinaladas para atención dos/as usuarios/as derivados/as. Igualmente póñense a disposición da Dirección Xeral para a atención dos/as demandantes inscritos/as e direccionados/as, en calquera dos dous lugares, atendendo á maior proximidade ou maior comodidade para o/a usuario/a.

*Quinta.*- Tanto o Concello de Abegondo como o Concello de Bergondo levarán a cabo conxuntamente, como accións subvencionables ao abeiro da Orde do 8 de marzo de 2017, todas aquelas actuacións do servizo de orientación laboral previstas no devandito artigo 3.

Sen prexuízo da prestación conxunta do servizo de orientación laboral, ambos os dous Concellos poderán igualmente atender a aqueles usuarios que espontaneamente se dirixen as súas dependencias e proceder á realización das accións e medidas descritas.

*Sexta.*- Serán causas de extinción deste convenio:

- a) A denuncia por calquera das dúas partes, ben por cumprimento do prazo previsto de vixencia ou da correspondente prórroga ou por calquera outra causa xustificada.
- b) O mutuo acordo das partes.
- c) O incumprimento das cláusulas deste convenio.

*Sétima.*- Os concellos de Abegondo e Bergondo comprométese a facilitarse mutuamente toda a información necesaria que estea relacionada co obxecto da colaboración.

*Oitava.*- O vixente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e permanecerá vixente mentres se executen as accións subvencionables de orientación descritas no artigo 3 da citada Orde do 8 de marzo de 2017 da Consellería de Economía, Emprego e Industria para o período 2017-2018. Será prorrogable automaticamente no caso de que a Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral continúe coa subvención das devanditas accións por medio da cooperación ou agrupacións de concellos para o mantemento do servizo nas seguintes anualidades, agás medie denuncia previa e por escrito de calquera dos dous concellos cunha antelación mínima de quince días naturais ao remate do correspondente termo.

*Novena.*- Este convenio ten natureza administrativa e se rexerá pola Lei 39/2015, do 31 de outubro de Procedemento Administrativo das Administracións Públicas, pola Lei 40/2015, de 31 de outubro, de réxime xurídico do sector público, polas normas reguladoras da Administración local; no seu defecto, pola lexislación de contratos das Administracións Públicas e demais normas de dereito administrativo, e, en último caso, polas normas de dereito privado, sendo competente para entender dos litixios que puideran xurdir a xurisdición contencioso administrativa.

En proba de conformidade e para que conste e produza os efectos oportunos, asínase o presente documento en dous exemplares e para un só efecto, no lugar e data indicados no encabezamento.

Polo Concello de Abegondo, o alcalde  
José Antonio Santiso Miramontes

Polo Concello de Bergondo, a alcaldesa  
Alejandra Pérez Máquez"

**SEGUNDO:** Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente

Bergondo, 20 de abril de 2017. A alcaldesa. Alejandra Pérez Máquez"

Toma a palabra a Sra. alcaldesa: unha vez mais, como explicaba na Comisión informativa, o Pleno está facultado para aprobar a xestión do Convenio, para que se faga esa xestión conxunta, é dicir, faise a solicitude da subvención igual que se fai estes últimos anos, pero xa que agora a lei permite que se fagan estes convenios, algo que xa se viña facendo na práctica, porque era a única forma de acudir a determinadas subvencións como esta, o a que veu a Pleno o mes pasado, que era un obradoiro de emprego; hai agora unha posibilidade legal para que se poidan facer estes convenios entre concellos, para a solicitude de subvencións, son basicamente encomendas de xestión para unha cuestión concreta, neste caso para a contratación dun orientador laboral, cuestión que xa vimos desfrutando nos últimos anos tamén co Concello de Abegondo, e xa comentei o outro día as particularidades, xa que non deixa de ser unha especie de oficina de emprego, de oficina do propio Inem, e ademais a súa labor está moi legada ao Servizo Público de Emprego de Galicia, e que no noso caso ven establecendo o traballo nas oficinas do edificio de Servizos Múltiples no Polígono de Bergondo.

Pola Sra. alcaldesa ábrese a quenda de intervencións.

Sra. concelleira non adscrita: eu estou totalmente de acordo co fondo da cuestión, vou apoiar que se asine este Convenio co Concello de Abegondo, pero o que lle dicía na Comisión, a ver cando levamos a voz cantante, como

vostede dixo, no Pleno anterior aprobouse o Convenio para a creación do obradoiro de emprego con varios concellos dos arredores, e a voz cantante levouna Abegondo, agora con este mesmo tema a voz cantante lévaa Abegondo, xa me dixo vostede o outro día que era porqué xa o fixera outros anos e demais; pero gustaríame ver que Bergondo leva a voz cantante en algo e non imos sempre ao rebufo doutros concellos, porqué desta maneira ao mellor nos permite vixiar mais o reparto dos tempos que nós beneficiamos deses convenios, ben sexa por número de habitantes, por número de desempregados, non sei, dalgunha maneira...

Sra. alcaldesa: pois como lle comentaba o outro día, tamén por unha cuestión práctica no seu inicio comezou así, tamén por unha cuestión de carga de traballo, e é certo que seguimos neste caso coa mesma tónica, vendo que realmente xa é algo que ao día de hoxe está bastante..., que teñen todos os modelos, a práctica, no Concello de Abegondo; iso non quere dicir que noutro tipo de subvencións, e de feito lle anunciaba que noutra que se levara pois fora o Concello de Bergondo, unha subvención que se pediu un ano para un tema de educación e xuventude; non houbo mais ocasións para poder facelo conxunto, e si estou de acordo en qué outro tipo de subvencións que sexamos nós.

Sr. voceiro do PP: estamos de acordo con este Convenio, o noso voto vai ser a favor.

Sra. voceiro de VB: coincido coa concelleira non adscrita, parece que imos sempre a rebufo doutros concellos e somos un concello que aínda que visto o Padrón que presentamos, decrecemos mais que crecemos, pasamos de sete mil a seis mil, pois gustaríame que algunha vez tiveramos iniciativas propias e non ir a rebufo do que marcan outro alcaldes doutros concellos; o noso voto é a favor.

Sra. alcaldesa: só unha apreciación, sete mil habitantes nunca os houbo en Bergondo.

Sra. voceiro: seis mil setecentos, perdón.

Sra. alcaldesa: vale, xa non o ano pasado, que o ano pasado estabamos en seis mil seiscentos cincuenta; aquí decrece a poboación como na maior parte dos concellos de toda a provincia e de toda Galicia e de feito Bergondo é dos sitios onde menos decrece.

A ver, repito o que lle dixen á concelleira non adscrita, non é que vaíamos a rebufo, as cousas se falan e ao final se chega a un entendemento, é dicir, non é unha cuestión de qué un teña unha idea ou outra, saen publicadas as subvencións, e neste caso ademais como unha cuestión repetida, incluso os técnicos se poñen de acordo e vai para adiante.

Sr. voceiro de SON de Bergondo-Anova: plenamente de acordo con esta proposta.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese o ditame a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: cinco (5) votos a favor; grupo municipal de Son de Bergondo-Anova: dous (2) votos a favor; grupo municipal de Veciños de Bergondo: tres (3) votos a favor; grupo municipal do Partido Popular: un (1) voto a favor; concelleira non adscrita: un (1) voto a favor. **Total doce(12) votos a favor.**

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase **aprobado, por unanimidade de votos a favor** o ditame que devén en acordo nos termos antes transcritos.

## **6. MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP, DE APOIO Á MODERNIZACIÓN DO TRANSPORTE PÚBLICO E Á MELLORA DA MOBILIDADE EN GALICIA. ACORDOS QUE PROCEDAN.**

Dáse conta da moción do grupo municipal do PP ditaminada desfavorablemente por maioría de votos en contra, pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno en xuntanza do 20 de abril de 2017, que transcrita literalmente di:

"A dispoñibilidade dunha oferta de transporte público de viaxeiros que lle dea resposta á demanda de mobilidade obrigada (desprazamentos diarios ao traballo, por motivos educativos, sanitarios, comerciais ou culturais) existente no conxunto do territorio debe constituír unha prioridade e para as administracións públicas.

Esa prioridade faise máis acusada en Galicia debido ao grande número de núcleos de poboación e a tradicional configuración dos nosos asentamentos que precisan dunha oferta que facilite a conectividade e a mobilidade con criterios de eficacia e eficiencia. Esa oferta debe aproveitar as posibilidades da intermodalidade na procura de sacarlle o máximo partido a cada modo de transporte para tratar de conformar un sistema que se adapte e cubra as necesidades de cada persoa, independentemente do lugar onde viva ou a onde se teña que desprazar.

Resulta unha evidencia que, tendo en conta o carácter disperso de gran parte da poboación de Galicia, o transporte colectivo en autobús ofrece moitas posibilidades e ten unha gran capacidade para proporcionar unha malla que cobra unha área xeográfica máis ampla, sen prexuízo da súa desexable interoperabilidade con outros medios, en especial co ferrocarril.

Coa finalidade de promover o emprego do transporte público e mellorar a mobilidade no conxunto de Galicia, a Xunta de Galicia puxi en marcha unha serie de iniciativas tendentes a crear unha estratexia global para mellorar as condicións de accesibilidade ás infraestruturas dos transportes para as persoas, e tamén para as mercados rías, con carácter equitativo e universal. Entre estas iniciativas destacan as dirixidas á reordenación e modernización do transporte por estrada mediante o Plan de Transporte Metropolitano nas grandes áreas urbanas de Galicia, a mellora das infraestruturas viarias, a implantación de estacións intermodais, a subvención de peaxes e a implicación para a mellora e complementariedade da oferta ferroviaria.

Desde hai sete anos, o Goberno galego vén promovendo un Plan de modernización das concesións de transporte público regular permanente de persoas de uso xeral por estrada, que permitiu, entre outros aspectos, a posta en marcha desde 2011 do Transporte Metropolitano de Galicia no contorno das grandes cidades e melloras na calidade dos servizos coa renovación de frota e a incorporación de vehículos cada paso máis accesibles.

Ese Plan de Modernización das concesións foi anulado por unha sentenza do Tribunal Supremo (TS) en marzo de 2016, que revocaba outra anterior favorable do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Aínda que o Goberno galego formulou o correspondente recurso a esa sentenza, no Parlamento de Galicia tramitouse e aprobouse unha nova lei a Lei 10/2016, do 19 de xullo, de medidas urxentes para a actualización do sistema de transporte público de Galicia-para continuar coa modernización do servizo público e a súa plena adaptación ás demandas, incluíndo un novo Plan de transporte público de Galicia (PTPG) dirixido a establecer un sistema multimodal e integrado co obxecto de coordinar o a totalidade dos servizos de transporte público que se desenvolvan no territorio galego.

Dentro deste marco normativo e de planificación, a Xunta de Galicia está a dar novos pasos coa elaboración de traballos para un deseño integral da rede de transporte públicos de Galicia, con estudos de campo para a análise da demanda actual e potencial.

Nese traballo de reorganización e modernización integral do mapa de transporte regular por estrada de toda Galicia, o Goberno galego estase a dirixir a todos os municipios afectados para solicitarlle a súa opinión tratando de recoller as necesidades e demandas presentes en cada lugar.

Tendo en conta a importancia deste labor que está a realizar a Xunta de Galicia para a mellora da prestación, de forma racional, optimizando recursos e ofrecendo a maior cobertura en cada zona do territorio, tanto no rural como nas áreas metropolitanas, na procura da consecución dun sistema intermodal que lle dea resposta ás necesidades da poboación; e tendo en conta tamén que a mellora do transporte, da accesibilidade e da vertebración de Galicia debe ser un obxectivo compartido que precisa da implicación de todas as administracións, o Grupo do Partido Popular propón a adhesión do Concello de Bergondo a este necesari

proceso modernizador do transporte galego coa adopción do seguinte acordo:

O pleno insta ao Goberno municipal a:

1. Colaborar coa Xunta de Galicia, mesmo co apoio económico, para apoiar a modernización do transporte galego e, en particular:
  - O Plan de Transporte Metropolitano, facilitando a integración dos concellos máis rurais da provincia, coas vantaxes de custo e comodidade que esa integración supón para a veciñanza.
  - A accesibilidade dos autobuses interurbanos nas cidades, medida que mellora a mobilidade da veciñanza das cidades e dos concellos limítrofes.
  - A reordenación e modernización do transporte por estrada que está a elaborar a Administración autonómica, contribuíndo á axustala ás necesidades de todos os concellos da provincia para facelas viables.
2. Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a súa implicación técnica e económica neste proceso de modernización do transporte público de viaxeiros da Comunidade Autónoma que está a levar a cabo a Xunta de Galicia.

Bergondo, 20 de abril de 2017 "

Continúa o Sr. voceiro: dende o noso grupo entendemos que todo o que sexa mellorar é bo para os veciños de Bergondo, entendemos que todo o que sexa mellorar sempre vai ser positivo, tamén pensamos que Bergondo non debería poñer peros neste sentido, necesitamos crecer e ser un concello punteiro en todos os sentidos.

Entón, esta mellora na mobilidade aféctanos e moito, temos un gran Polígono no cal temos que mellorar os accesos e as conexións que non temos ao día de hoxe, por exemplo, dicir non, sería poñer trabas á creación de riqueza no mesmo Polígono e serían moitas empresas que se verían seriamente damnificadas.

No Pleno anterior xa falamos aquí de mobilidade no noso concello, se vostede recorda, por exemplo a Centros médicos, a Centros de día, que outros concellos limítrofes si xa o están realizando e que están dando moi bos resultados. Aquí temos algunha zona, por exemplo Ouces, Lubre, Armuña, A Campiña, que unha liña de microbuses que pasara incluso ao Polígono, nunca sería de mais; temos un exemplo moi claro, temos aquí en Cambre que teñen microbuses de veñen de varios puntos do concello, e que veñen ata o Polígono do Espírito Santo, e a varios horas que se require un maior servizo, como son as mañás, os medios días e as tardes, e que están sendo moi gratas e a xente está encantada con elas. Entón pregunto porqué en Bergondo non podería haber iso.

Sra. alcaldesa: en Bergondo pode haber iso e probablemente todo ao que se chegue, o que se poida poder facer, en xeral. Pero ese non é o obxecto desta moción nin é tampouco obxecto do Plan de transporte metropolitano, e porqué algunhas das actuacións que vostede agora nomeou, como é a mellora do acceso aos Polígonos, precisamente para evitar que se teña que vir tanto en coche, foron propostas que no seu día se fixeron, cando se fixo o actual Plan de transporte, cando se fixo a primeira adhesión, pois si se empezou a traballar, ala no ano 2009, e os primeiros concellos asinantes así o propuxemos, e había moito mais do que ao día de hoxe existe, e todo aquilo, en moitos concellos non soamente en Bergondo, se quedou no papel, e quedouse no papel porqué o custo era excesivo.

Teñen vostedes falado efectivamente como dicía aquí, en cuestións de transporte, e o que vostedes propoñían era transporte municipal, non é o mesmo, o que estamos falando agora é de que no Plan de transporte da Xunta se poidan incluír liñas onde realmente se favoreza a Bergondo, e cambia moito o conto, cambia bastante, precisamente nós o que entendemos é que agora é o momento, e non estamos de acordo tampouco co espírito desta moción polo que eu expliquei o outro día na Comisión informativa, levamos todos estes días precisamente falando de transporte na Comisión de transporte metropolitano, falando nas Mesas de traballo da Área metropolitana de cuestións de transporte e eu dicía o outro día que loxicamente as necesidades de Bergondo son completamente diferentes ás necesidades que poida haber en Oleiros ou Culleredo, onde teñen pola súa proximidade á cidade unha problemática moi concreta, e os concellos mais do rural, e o digo porqué ademais estiven sentada na Mesa onde estabamos os dezasete concellos e as necesidades que se poden plantexar en Curtis, obviamente, tamén son diferentes ás que se



poida ou en Oza-Cesuras, pois son moi distintas ás nosas; nós temos necesidades, nós temos necesidades de intercomunicación e onde no seu día precisamente as plantexabamos, agora ademais pensamos que é o marco onde se debe volver establecer isto.

Rematan as concesións, agora hai que volver facer un estudo completo e realmente volver a facelo, pero claro, o que se nos propón agora por parte do Partido Popular é, *la adhesión del Concello de Bergondo al necesario proceso modernizador..*, pois claro si, efectivamente ata aí non hai problema, *colaborar coa Xunta de Galicia mesmo con apoio económico...*, e que iso xa se está facendo, o dixen o outro día, a proposta para o ano 2018 referida ao Concello de Bergondo é de catorce mil oitocentos oitenta e tres con vinteún euros, é dicir, Bergondo ven achegando economicamente dende o principio, como o resto dos dezasete concellos do Plan de transporte metropolitano.

Que se facilite a integración dos concellos mais rurais da provincia; cada un referido ás necesidades concretas que se teñan, obviamente; accesibilidade dos autobuses interurbanos nas cidades, é unha petición que se leva feito durante moito tempo, está aprobado, está falado xa no Plan de accesibilidade e a última información que se nos deu é que probablemente no mes de xuño empezaría xa a entrar os autobuses, obviamente non todos, e de feito... concretamente os de Bergondo, por exemplo a liña que ven de Betanzos, si é unha liña que entra na cidade, entrexardíns, e que a previsión é de que a partir de xuño empecen a entrar os autobuses aí, é dicir iso xa se está a facer, e colaborar nesa reordenación e transporte, o outro día se nós comentaba incluso que se ían facer enquisas, parécenos ademais fundamental, porque nós podemos ter unha visión, pero loxicamente a visión dos cidadáns e dos usuarios diarios vai ser moi importante.

O outro punto que era solicitar da Deputación provincial a implicación técnica e económica, isto si que era unha novidade, pero xa digo, eu o outro día lle dicía que dubidaba dun tema competencial, a ver, as competencias en transporte aquí as ten a Xunta, e o Concello da Coruña porque é un concello grande que pasa de cincuenta mil habitantes, o resto dos concellos non temos competencias en transporte, e polo tanto o que temos é que aproveitar agora un novo marco, polo tanto, esta moción realmente non da tampouco ningún resultado positivo ao que queremos ver, e temos que seguir avanzando nese Plan de transporte; poderíamos estar en parte a favor en que hai que seguir traballando, e iso sería o único, polo tanto, o noso voto vai ser en contra, da moción non en contra da mellora do transporte, que neso si que levamos traballando moito tempo e cremos ademais que agora é o momento de dar o cambio.

Sr. voceiro: se me permite nada mais unha cuestión, vostede ten que estar de acordo comigo en qué sen saírnos do noso concello temos a zona de Lubre, Ouces..., que a temos sen servizo, porque non a liña que fai Betanzos, non podemos facela alí, agora que se están remodelando liñas non se pode facer esa zona...

Sra. alcaldesa: acábolle de dicir, señor concelleiro, lle acabo de dicir que iso foi o que iso foi o que se propuxo por esta alcaldesa xa no seu día, estamos falando do ano 2009, foron cuestións que se botaron abaixo; eu precisamente vexo esa necesidade, e vexo que agora é o momento, por iso lle digo que non estamos en contra de mellorar o transporte, pero tanto alí como realmente mellorar a conexión dos veciños de Santa Marta e de Vixoi, tamén co centro; vir a Bergondo para moitos veciños que son incluso de Cortiñán, é unha problemática importante.

Sr. voceiro: temos o exemplo de Paderne, que ten autobuses e que levan a xente maior....

Sra. alcaldesa: pero está confundindo...

Sr. voceiro: si, iso por outro lado, vale, si....

Sra. alcaldesa: iso é transporte municipal onde é algo que non ten competencias; nós o que queremos é aproveitar que se fai un novo marco de transporte precisamente para mellorar a infraestrutura e a rede de transporte que hai interna en Bergondo, que a un veciño non supoña hora e media ter que chegar a Coruña porque ten que ir primeiro a Sada e de Sada subir á Coruña, ou ten que ir a Betanzos, como pode pasar en moitos casos de aquí, é dicir, iso tamén é importante, mais que os propios transporte municipais que poidan ser de poder vir ao médico, o que temos é que aproveitar que pasen as liñas por aquí, nun concello que ademais se teremos carreteras, tanto estatais como da Xunta, que temos unhas cantas, pois polo tanto aproveitarnos de que haxa unha liñas mellores. Veciños de Lubre, conexión cos polígonos, que haxa mais liñas que entren no Polígono....

Sr. voceiro: pois perfecto, a liña de Betanzos Coruña pode entrar no polígono perfectamente....

Sra. alcaldesa: é que xa entra, pero soamente entra unha, e nós entendemos que deberían entrar mais, precisamente para evitar que os traballadores teñan que traer o coche. Se ao final no fondo estamos de acordo, porqué as necesidades as vemos todos.

Sr. voceiro: non estamos de acordo na moción, claro, porqué é do Partido Popular. No que se refire á Deputación, a Deputación tivo conversas hai poucos meses con nove concellos da zona polo transporte ferroviario, verdade?

Sra. alcaldesa: polo transporte ferroviario?

Sr. voceiro: si, claro...

Sra. alcaldesa: pois non sei, con nós non

Sr. voceiro: da liña da Coruña...

Sra. alcaldesa: da Coruña a Ferrol

Sr. voceiro: claro, tamén se pode implicar noutro tipo de transporte, non ten ningún problema....

Sra. alcaldesa: eu lle comentaba que competencialmente non vía a conto de qué, pero en todo caso é un organismo que a nós non nos afecta.

Sr. voceiro: pero pode ser tamén.

Sra. alcaldesa: se eles entenden que podería ser....

Sra. concelleira non adscrita: pois eu lle dicía o outro día á outra portavoz do Partido Popular, que non entendía o que queren vostedes nesta moción, e hoxe lle sigo dicindo o mesmo, porqué leunos unha cousa e fálanos doutra diferente; o meu voto vai ser a abstención e basicamente porqué eu estou de acordo con qué Bergondo ten un problema terrible de comunicacións, en todas as parroquias, e en todos os lugares.

Xa o dicía o outro día tamén, a min isto de accesibilidades a autobuses interurbanos dentro da cidade para mellorar a mobilidade das veciñanzas, me parece un absurdo dende o momento que eu, que vivo en Fiofre, os autobuses que veñen de Ferrol a Coruña pasan cada dúas horas e en festivos e no verán cada catro, así que me da igual perder cinco minutos mais en facer un transbordo na Estación de autobuses polo mesmo prezo, porqué non me custa nada coa tarxeta metropolitana, e non me parece que este punto resolva nin nos solucione nada á maior parte da xente de Bergondo, entón o meu voto vai ser abstención por iso, porqué nin o entendo nin mo souberon explicar, nin vostede nin a súa compañeira.

Sr. voceiro de VB: eu creo que todo o que sexa colaborar para poder integrarnos das formas mais posibles nos asuntos diarios que afectan aos veciños, con reordenacións de transporte ou con calquera tipo de actuación que nos favoreza, non ten poñermos tan entremedio de dicir que si, total que é o que está dicindo esta proposta, imos entre todos a colaborar, imos entre todos a aportar propostas de accesibilidade para reordenar ben ese servizo que outros veciños deste concello non están disfrutando como deus manda, nin sequera todos os veciños deste concello.

Non creo que sexa un tema para darlle tantas voltas, entre todos temos que colaborar, aínda que non teñamos a sartén polo mango, si que ao final somos os usuarios definitivos ou finais; tampouco temos a sartén polo mango na NVI e mire como tiramos; polo tanto, eu creo que todo o que sexa elaborar, integrar e dar posibilidade de reordenación par accesibilidade dos veciños é importante traballar xuntos, polo tanto o noso voto é favorable.

Sr. voceiro de SON de Bergondo-Anova: podemos estar de acordo no fondo, como outras cuestións que se plantexaron aquí, como a comunicación entre as distintas parroquias con determinados puntos do concello que todos sabemos e recoñecemos que poden ter dificultades, falouse de Vixoi, de Santa Marta, de Lubre, etcétera, para ir ao médico, para ir a tal e cual...., pero evidentemente iso non está ben recollido nesta moción nin forma parte do acordo que se nos propón; o acordo que nos propón non aporta absolutamente nada en relación a todo o que se ven falando estes días na Mesas de transporte metropolitano; polo tanto o noso voto vai ser desfavorable.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese o ditame a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: cinco (5) votos en contra; grupo municipal de Son de Bergondo-Anova:

dous (2) votos en contra; grupo municipal de Veciños de Bergondo: tres (3) votos a favor; grupo municipal do Partido Popular: un (1) voto a favor; concelleira non adscrita: unha (1) abstención. **Total sete (7) votos en contra, catro (4) votos a favor e unha (1) abstención**

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase **rexeitado, por maioría de votos en contra** o ditame ante transcrito.

## 7. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA.

A continuación pola Sra. alcaldesa, en cumprimento do previsto no art. 42 do Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, aprobado por R.D. 2568/86 de 28 de novembro (ROF), dáse conta á Corporación dos Decretos e Resolucións ditadas desde o 27 de marzo ao 21 de abril de 2017, ámbolos dous incluídos, numerados do 258/2017 ao 348/2017. O Pleno queda enterado.

## 8. ASUNTOS URXENTES.

A Sra. alcaldesa, no cumprimento do disposto do artigo 46.2.e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada pola Lei 11/1999, do 21 de abril, e no artigo 91.4 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta se algún grupo político desexa someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na Orde do día que acompañaba á convocatoria e que non teña cabida no punto de Rogos e Preguntas.

Non se presentan

## 9. ROGOS E PREGUNTAS.

Os grupos políticos integrantes da Corporación non presentaron para este Pleno ningún rogo ou pregunta por Rexistro Xeral de Entrada; a señora alcaldesa pregunta se alguén ten algún para presentar neste momento.

Sr. voceiro de VB: se me permite, quixeramos saber porqué hai veciños que teñen que pagar en obra pública o pozo, cando se conectan a saneamento, en espazo público; cando creo que o que hai que facer é soamente pagar a conexión do saneamento, non pagar unha obra que ao concello se lle esqueceu de poñerlle un pozo a ese veciño, porqué creo que todos somos iguais, en todas as parroquias deberíamos pagar o mesmo; entón gustaríame saber porqué hai veciños que están tendo que pagar obra pública.

Sra. alcaldesa: algunha pregunta mais?

Sr. voceiro: si, en que estado está a RPT, se nolo pode contestar.

Sra. alcaldesa: as preguntas non foron formuladas coas vinte e catro horas de tempo, pode vostede facer as preguntas.

Sr. voceiro: pois rogamos que se repare as beirarrúas entre Sada e Bergondo á altura do golfiño, que están partidas, hai unhas fochancas de case trinta centímetros.

Rogamos que se limpe o parque de Fiobre, desde Semana Santa que hai bastantes queixas.

Rogamos que se revise a tardanza en recoller o lixo na parroquia de Ouces.

Se pode ser, a empresa de Augas que ten contratada o concello, que non deposite restos na entrada do Polígono, pola parte de Lubre e de Armuno, hai alí a entrada dun monte que están depositando diariamente restos de obra, e da bastante mala imaxe.

Por outro lado, a min gustaríame que igual que lle obrigamos aos veciños que quiten os plumachos, debemos de facer o mesmo coas Administracións, a estrada da Deputación está chea de plumachos, a estrada NVI está chea de plumachos e algunhas municipais tamén, incluso parcelas municipais, polo tanto igual que lles estamos esixindo aos veciños que eliminemos os plumachos, tamén llo esixamos ás Administracións competentes que teñen tamén plumachos nas súas vías.

Sra. alcaldesa: algún rogo ou pregunta mais?

Non habendo máis asuntos que tratar, a Sra. alcaldesa-presidenta levanta a sesión, sendo as vinte e unha horas e trinta e seis minutos do expresado día. Autorízase a presente acta coa sinatura da presidenta e da secretaria, que dá fe.

A secretaria  
Ana M.<sup>a</sup> Cacharrón Castelos

Vº. e Pr. A alcaldesa  
Alejandra Pérez Máquez